

Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo

LEADER 2014-2020

GDR-23 Mariñas-Betanzos



2. Modificación Estratexia (2021)

ABRIL 2021



1. ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ESTRATEXIA ANO 2021 DO G.D.R.-23 “MARIÑAS-BETANZOS”.

Desde a aprobación da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo Leader 2014-2020 do GDR-23 Mariñas-Betanzos, no ano 2008, ten mudado significativamente o contexto socioeconómico, ademais do normativo e as ferramentas e instrumentos cos que contan os territorios rurais europeos para promover o desenvolvemento sostible dos mesmos, a creación de emprego, a mellora da calidade de vida ou a ambiental, entre outros retos que se presentan para o territorio de Mariñas-Betanzos.

O programa Leader vai a contar na Comunidade Autónoma de Galicia, ata o ano 2023, cun orzamento de aproximadamente 35 millóns de euros co obxectivo de dinamizar os territorios rurais e impulsar o traballo que están desenvolvendo os 24 Grupos de Desenvolvemento Rural. Esta dotación orzamentaria vai a permitir, entre outras cousas, destinar ao redor de 23 millóns de euros a financiar proxectos no marco da medida Leader ata o 2023.

As Bases Reguladoras da Medida Leader van a adaptarse ao novo contexto normativo e ás novas oportunidades para o desenvolvemento dos territorios rurais da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que tamén é necesario aliñar a Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo Leader do GDR-23 Mariñas-Betanzos con estas Bases, e incorporando os novos instrumentos, normativa e ferramentas que van a facilitar e ser o motor de desenvolvemento e dinamización territorial, ademais de ter en conta a redistribución de fondos entre os GDRs de Galicia.

Estas Bases incorporan:

- A subvencionabilidade dos investimentos que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente. Estes proxectos poderán incluír actuacións de produción agraria en aldeas modelo, proxectos de mobilidade de terras, permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación da terra agraria.
- A subvencionabilidade dos investimentos vinculados no programa de actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por Agader. Poderán incluírse tamén actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.
- A subvencionabilidade de investimentos de natureza non produtiva que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente, así como actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.

A modificación da estratexia parte dos novos retos e oportunidades que se lle presentan ao territorio derivadas dos novos procesos, compromisos, obrigas e/ou iniciativas formuladas a diferentes niveis (mundial, europeo, estatal, autonómico e local), e que van a ser sobre as que pivote a reformulación da Estratexia do GDR-23 Mariñas-Betanzos:

Aliñamento da Estratexia a nivel internacional

- **Década das Nacións Unidas (ONU) para a Restauración dos Ecosistemas (2021-2030).**

A Década das Nacións Unidas para a Restauración dos Ecosistemas ten por obxecto incrementar a gran escala a restauración dos ecosistemas degradados e destruídos, como medida de probada eficacia para loitar contra o cambio climático e mellorar a seguridade alimentaria, o subministro de auga e a biodiversidade.

A degradación dos ecosistemas terrestres e mariños socava o benestar de 3200 millóns de persoas e ten un custe próximo ao 10% do PIB mundial anual en perda de especies e servizos ecosistémicos. Existen ecosistemas clave que desaparecen rapidamente e que prestan numerosos servizos esenciais para a alimentación e a agricultura, incluíndo o abastecemento de auga doce, a protección contra os riscos naturais e a provisión de hábitats para especies como peixes ou polinizadores.

- **Compromisos derivados da declaración do territorio Mariñas-Betanzos como Reserva de Biosfera dentro do Programa MaB da UNESCO.**

- **Plan de Acción Ordesa Viñamala 2017-2025 para a Rede Española de Reservas de Biosfera**

Este documento de planificación estratéxica foi elaborado mediante un proceso participativo a partir do Plan de Acción de Lima para a Rede Mundial de Reservas de Biosfera, proceso no que teñen participado os membro do Consello de Xestores, do Consello Científico e do Comité Español do Programa MaB da UNESCO.

As áreas de acción estratéxica do plan son:

- A Rede Mundial de Reservas de Biosfera está formada por lugares que poñen en práctica modelos eficaces para o desenvolvemento sostible.
- Colaboración e creación de redes inclusivas, dinámicas e orientadas aos resultados dentro do Programa MaB e a Rede Mundial de Reservas de Biosfera.
- Colaboracións externas eficaces e financiación suficiente e sostible para o Programa MaB e a Rede Mundial de Reservas de Biosfera.
- Comunicación, información e intercambio de datos de forma integral, moderna, aberta e transparente.
- Gobernanza eficaz do Programa MaB e a Rede Mundial de Reservas de Biosfera e dentro delas.

Aliñamento da Estratexia a nivel da Unión Europea

- **Estratexia da UE sobre Biodiversidade para 2030**

A Comisión Europea adoptou en maio de 2020 a súa proposta de Estratexia da UE sobre Biodiversidade para 2030. A Estratexia ten por obxecto ir recuperando a biodiversidade de Europa de aquí ao 2030, en beneficio das persoas, o clima e o planeta.

Entre as accións propostas no marco da estratexia figuran o reforzo das zonas protexidas en Europa e a restauración de ecosistemas degradados mediante o aumento da agricultura ecolóxica, a redución do uso e o risco de praguicidas e a plantación de árbores.

A Estratexia da UE sobre Biodiversidade para 2030, enmarcada no Pacto Verde Europeo, ten entre as súas metas as seguintes:

- A Comisión Europea propón que **o 10% da superficie agraria volva a estar ocupada por elementos paisaxísticas de gran biodiversidade**, como sebes ou franxas de flores, co que o impacto medioambiental do sector agrícola se reduciría significativamente de aquí ao 2030.
 - **Impulso á protección e recuperación dos bosques** da UE, especialmente dos primarios e maduros. Entre as metas, está a de plantar 3.000 millóns de árbores na UE de aquí ao 2030, o que supón duplicar a tendencia actual. O obxectivo é incrementar a superficie de cobertura forestal da UE, a resiliencia dos bosques e o seu papel para revertir a perda de biodiversidade, mitigar o cambio climático e axudarnos na adaptación.
 - A Estratexia fixa o compromiso de **recuperar solos degradados**, actualizar a Estratexia temática da UE para a protección do solo e acadar compromisos internacionais e da Unión sobre a neutralidade na degradación das terras.
 - A Estratexia ten por obxecto reforzar a **protección dos ecosistemas mariños** para que recuperen un bo estado medioambiental, por exemplo mediante a ampliación das zonas protexidas e a designación de espazos estrictamente protexidos de cara a recuperación dos hábitats e as poboacións existentes.
 - En relación aos ecosistemas de auga doce, reforzase a aplicación e o control do cumprimento do marco xurídico da UE sobre a auga e a natureza. Para elo, **recuperaranse ao menos 25.000 km dos ríos** para que pasen a ser de caudal libre, mediante a eliminación de obstáculos e a recuperación da biodiversidade ligada aos cursos fluviais.
 - A contaminación é un dos principais factores causantes da perda de biodiversidade. A Estratexia insta á **eliminación da contaminación dos fluxos de nitróxeno e de fósforo** procedentes de fertilizantes para 2030. De aquí a entón, o uso de fertilizantes debe reducirse ao menos un 20%.
 - Na Estratexia adóptase o compromiso de **limitar de maneira significativa a introdución de especies exóticas invasoras**, co obxectivo de disminuír nun 50% o número de especies da Lista Vermella que están ameazadas por elas.
- **A Estratexia “Da Granxa á Mesa”**

O 20 de maio de 2020, a Comisión presentou a Estratexia “Da Granxa á Mesa” como unha das iniciativas clave no marco do Pacto Verde Europeo. A fin de contribuír ao logro da neutralidade climática de aquí a 2050, a Estratexia pretende facer evolucionar o actual sistema alimentario da UE cara un modelo sostible.

Sen esquecer que a seguridade alimentaria e a inocuidade dos alimentos son prioridades, os principais obxectivos da Estratexia son:

- Garantir suficientes alimentos e que sexan asequibles e nutritivos, sen superar os límites do planeta.
- Unha produción alimentaria sostible, tamén mediante unha redución substancial do uso de praguicidas, antimicrobianos e fertilizantes e o aumento da agricultura ecolóxica.
- Promover un consumo de alimentos e unhas dietas saudables máis sostibles.
- Reducir a perda e o desperdicio de alimentos.
- Loitar contra o fraude alimentario na cadea de subministro.

- Mellorar o benestar dos animais.

A transición cara un sistema alimentario máis respectuoso co medio ambiente xera novas oportunidades de negocio que ten efectos positivos nos ingresos dos operadores do sector agroalimentario.

Un sistema alimentario máis sostible tamén axudará a protexer a natureza e a biodiversidade de Europa. A Estratexia “Da Granxa á Mesa” está en consonancia coa Estratexia da UE sobre a Biodiversidade para 2030, e ambas propostas preséntanse como complementarias.

- **A estratexia da UE en materia de Infraestruturas Verdes**

A Comisión Europea publicou unha nova Estratexia en maio de 2013 co fin de promover o uso de infraestrutura verde en toda Europa.

A Infraestrutura Verde é unha rede de zonas naturais e seminaturais e de outros elementos ambientais, planificada de forma estratéxica, deseñada e xestionada para prestación dunha extensa gama de servizos ecosistémicos. No medio terrestre, acuático, mariño e costeiro; en contornos rurais e urbanos; estruturas que favorecen a biodiversidade e ecosistemas en bo estado de conservación; permitindo que xeran múltiples beneficios para a natureza e a sociedade.

A Estratexia de Infraestrutura Verde consta de catro elementos principais:

- Fomento da Infraestrutura Verde nos principais ámbitos políticos da UE.
- Apoio aos proxectos de Infraestrutura Verde a escala da UE.
- Mellora do acceso ao financiamento dos proxectos de Infraestrutura Verde.
- Mellora da información e fomento da innovación.

Encadrado na Estratexia da UE en materia de Infraestruturas Verdes está o deseño da Estratexia de Infraestrutura Verde da Área de A Coruña (2017-2018). A Estratexia de Infraestrutura Verde da Área de A Coruña, naceu como unha iniciativa piloto para definir unha rede de zonas naturais e seminaturais para protexer a biodiversidade e proporcionar servizos ambientais (deputación da auga e do aire, fixación de carbono, fertilidade do solo, etc.), e promover unha ordenación integral do territorio desde un punto de vista ambiental ata o ano 2050.

Este proxecto foi promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, da Xunta de Galicia, e participou a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, a Fundación Juana de Vega e o Instituto Tecnolóxico de Galicia, tratando de incorporar a esta área os principios marcados na Estratexia da Unión Europea sobre a Biodiversidade ata o 2020, e que considera a infraestrutura verde como unha ferramenta para abordar a restauración e mellora dos bens e servizos que nos aporta a natureza, o que axuda a mellorar a saúde e o benestar dos cidadáns, e proporcionar empregos verdes e impulso á economía circular.

- **Plan de Acción para a Economía Circular**

O 11 de marzo do 2020, a Comisión Europea adoptou o Plan de Acción de Economía Circular, que constitúe un dos principais compoñentes do Pacto Verde Europeo. A UE asegurárase de que a transición da economía circular brinde oportunidades para todos. O obxectivo do Plan é facer que economía sexa apta para un futuro verde, fortalecer a competitividade ao tempo que protexe o medio ambiente e outorga novos dereitos aos consumidores.

Entre as medidas que contempla este Plan de Acción hai que destacar:



- Acadar un mercado europeo de produtos sostibles, climáticamente neutros e eficientes no uso de recursos. Desta maneira se garantirá que os produtos comercializados na UE estean deseñados para durar máis, sexan máis fáciles de reutilizar, reparar e reciclar, e incorporar a maior cantidade posible de materiais reciclado en lugar de materia prima primaria.
- Transformar os sectores esenciais en circulares. Tanto a circularidade como a sostibilidade deben incorporarse en todas as etapas das cadeas de valor para acadar unha economía completamente circular: desde o deseño ata a produción e de esta ata que chega ao consumidor. A UE establece como áreas esenciais para acadar unha economía circular a dos plásticos, textiles, residuos electrónicos, alimentos; auga e nutrientes, embalaxe, baterías e vehículos; edificacións e construción.
- Outra das medidas está enfocada en evitar o desperdicio por completo e transformalo en recursos que se beneficien dun mercado que funcione correctamente para as materias primas secundarias.

Aliñamento da Estratexia a nivel estatal

● **Estratexia Española de Economía Circular 2030**

A Estratexia Española de Economía Circular (2030) senta as bases para impulsar un novo modelo de produción e consumo no que o valor de produtos, materiais e recursos se manteñan na economía durante un maior tempo posible, na que se reduzan ao mínimo a xeración de residuos e se aproveiten con maior alcance posible os que non se poden evitar.

A Estratexia establece unhas orientacións estratéxicas e márcase unha serie de obxectivos cuantitativos para o ano 2030:

- Reducir nun 30% o consumo nacional de materiais relación co PIB, tomando como ano de referencia o 2010.
- Reducir a xeración de residuos un 15% respecto ao xerado en 2010.
- Reducir a xeración de residuos de alimentos en toda a cadea alimentaria: 50% de redución per cápita a nivel de fogar e consumo minorista e un 20% nas cadeas de produción e subministro a partir do ano 2020.
- Incrementar a reutilización e preparación para a reutilización ata chegar ao 10% dos residuos municipais xerados.
- Mellorar un 10% da eficiencia no uso da auga.
- Reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro por debaixo dos 10 millóns de toneladas de CO2 equivalente.

● **Pacto Europeo dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía**

No Pacto Europeo dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía agrúpanse miles de gobernos locais que de forma voluntaria comprométese a implantar os obxectivos en materia de clima e enerxía da UE.

O lanzamento do Pacto dos Alcaldes tivo lugar en 2008 en Europa co propósito de reunir aos gobernos locais que voluntariamente se comprometeron a alcanzar e superar os obxectivos da UE en materia de clima e enerxía.

A iniciativa non só introduciu un enfoque innovador nas accións relacionadas co clima e a enerxía, senon que o seu éxito superou enseguida todas as expectativas.

A iniciativa inclúe agora máis de 7000 autoridades locais e rexionais de 57 países que aproveitan os puntos fortes dun movemento que involucra a múltiples actores e conta co apoio técnico e metodolóxico de oficinas dedicadas.

O Pacto Mundial dos Alcaldes aproveita a experiencia obtida durante os últimos 8 anos en Europa e nas rexións circundantes, e desenvolve os factores clave do éxito da iniciativa: o seu goberno desde as bases, o seu modelo de cooperación a varios niveis e o seu patrón de actuación directamente impulsado polo contexto.

As cidades signatarias comprométese a actuar para apoiar a aplicación do obxectivo europeo de reducir os gases de efecto invernadoiro nun 40% ata o 2030 e adoptar un enfoque común para promover a mitigación e adaptación ao cambio climático.

Para traducir o seu compromiso político en medidas e proxectos prácticos, os signatarios do Pacto comprométese a presentar, nos dous anos seguintes á data da decisión do seu concello, un Plan de Acción para o Clima e Enerxía Sustentable (PACES) que describe as accións clave que se pretenden realizar. O plan incluírá un inventario de emisións de referencia para monitorear as accións de mitigación e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades climáticos. A estratexia de adaptación pode ser parte do PACES ou desenvolverse e incorporarse a un documento de planificación independente. Este valente compromiso político marca o inicio dun proceso a longo prazo no que as cidades comprométese a supervisar a implementación dos seus plans cada dous anos.

Aliñamento da Estratexia a nivel autonómico

- **Estratexia Galega de Economía Circular 2020 – 2030**

A Estratexia Galega de Economía Circular ten por finalidade definir as liñas programáticas que permitan a Galicia situarse na vangarda das políticas que se desenvolverán de aquí ao horizonte 2030 para impulsar un novo modelo produtivo e social baseado na Economía Circular.

As metas da Estratexia Galega de Economía Circular:

- Promover unha economía baseada no coñecemento, para o que é necesario Impulsar o desenvolvemento tecnolóxico necesario para avanzar na circularidade económica, fomentando a colaboración público-privada entre institucións e organismos de investigación, particularmente naqueles sectores estratéxicos da economía galega.
- Fomentar a filosofía de ciclo de vida e o eco-deseño na cultura empresarial, o que contribuirá a reducir a xeración de residuos, pois estímase que ata o 80 % de todos os impactos medioambientais dun produto no seu ciclo de vida veñen determinados polo seu deseño, tanto do propio produto como dos procesos de produción e consumo.
- Promover unha plataforma de información de economía circular que permita impulsar a transversalidade no eco-deseño mediante a difusión de información, tanto de boas prácticas como dos axentes implicados no desenvolvemento de tecnoloxías e modelos de negocio circulares en Galicia, permitindo a creación de redes para o estímulo da economía circular.
- Maior formación e información, introducindo a economía circular na educación formal e na non formal, fortalecendo a comunicación para a economía circular e promovendo unha maior

visualización dos produtos e servizos eco-deseñados, coa finalidade última de promover un consumo sostible na cidadanía a través do ecosistema dixital.

- Fomentar novos modelos de negocio baseados na utilidade dos produtos, substituíndo a propiedade de produtos polo consumo de servizos, impulsando o uso comunitario de bens e o uso de servizos públicos, prolongando a vida dos produtos mediante a promoción das actividades de reparación, e creando espazos de produción descentralizados comunitarios e cooperativos.
- A economía circular como motor demográfico, poñendo en valor os recursos materiais e humanos do territorio, priorizando o desenvolvemento dun polo biotecnolóxico para a produción de produtos de alto valor engadido no sector primario que permita a redución dos residuos.
- Urbanismo ecoeficiente, que adopte criterios urbanísticos encamiñados a conseguir asentamentos máis sostibles que minimicen o uso do solo e as necesidades de desprazamentos motorizados, promovendo o enfoque do ciclo de vida e outras ferramentas para a economía circular na construción e o urbanismo.
- Xestión ecoeficiente do ciclo da auga, impulsando o deseño, produción e uso de equipamentos máis eficientes, fomentando a re-utilización da auga e dos recursos contidos nas augas residuais, e procurando a obtención de produtos de alto valor engadido no fin de ciclo da auga urbana e industrial.
- Priorizar a circularidade na xestión dos residuos, observando a aplicación efectiva da xerarquía de residuos, promovendo a recollida separada de calidade para a compostaxe e a reciclaxe dos residuos como materias primas de alto valor engadido, observando sempre a aplicación efectiva da xerarquía de residuos

2. MODIFICACIÓN DA ESTRATEXIA ANO 2021 DO G.D.R.-23 “MARIÑAS-BETANZOS”.

A Estratexia do ano 2021 do G.D.R.-23 “Mariñas-Betanzos” incorpora as seguintes modificacións.

2.1. DEFINIÇÃO DOS OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA

Tomando como ámbito de actuación Marco anteriormente descrito, e a Visión do que debe ser a Reserva de Biosfera MCEM, así como a experiencia do traballo previo do Grupo de Desenvolvemento Rural Asociación Mariñas-Betanzos no territorio, a diagnose realizada, as Necesidades do territorio extraídas do análise DAFO e as opinións e propostas recollidas vía web ou en persoa nas diversas reunións, entrevistas e xornadas realizadas, defínese como Eixe vertebrador da estratexia de desenvolvemento local participativa do GDR-23 Mariñas-Betanzos: **“A Reserva de Biosfera como espazo protector do ser humano”**.

Este Eixe vertebrador propón un cambio de enfoque e de paradigma no que se refire á relación entre o ser humano e o ambiente, transformando a visión existente onde os espazos naturais son contemplados como unha fonte de custes e conflitos, cara a outra onde se valoriza a multitude de beneficios e servizos que a natureza aporta á sociedade, mellorando o benestar e a calidade de vida (depuración de augas, regulación de enfermidades e clima, produción de alimentos, apoio á polinización de cultivos, formación de solos, beneficios recreativos, sociais e culturais, xeración de rendas, ocio e tempo libre, saúde, etc.), e onde a diversidade biolóxica se considere prioritaria para o desenvolvemento sostible e equilibrado das actividades económicas, sociais e culturais, así como un indicador da sustentabilidade dos procesos de desenvolvemento socioeconómico.

O compromiso que supuxo promover a declaración e a xestión da Reserva de Biosfera MCeTM dende a Asociación Mariñas-Betanzos, e as bases que ese compromiso supuxo, de fomento da conservación do patrimonio e a súa compatibilización cun desenvolvemento e aproveitamento sostible das actividades do territorio, fundamentan a Estratexia Leader e as iniciativas que dende el se promovan, dándolle continuidade aos traballos xa emprendidos como a creación da marca de calidade dos produtos agroalimentarios da Reserva, o fomento e promoción do emprendemento, en especial do emprendemento verde e a economía social, ou a creación e conservación dos espazos e valores naturais.

O GDR Mariñas-Betanzos contempla a Medida Leader 2014-2020 como unha ferramenta fundamental e punto de encontro para promover no territorio rural actividades economicamente viables, socialmente equitativas e ambientalmente responsables, que poida manter e mellorar a calidade de vida, sen comprometer os recursos e posibilidades das futuras xeracións.

Na busca de conseguir esta meta principal e de dar solución ás 44 necesidades identificadas, defínense **6 Obxectivos Estratéxicos**, que se dividen á súa vez en **16 Obxectivos Específicos** de maior concreción, que formarán os eixes principais da Estratexia Leader do GDR Mariñas-Betanzos.

A continuación realízase unha breve descrición de cada Obxectivo Estratéxico:

I. Promover a sustentabilidade e a innovación no sector agrario

As explotacións agrarias do territorio do GDR Mariñas-Betanzos caracterízanse por ter unha forte tradición e gran experiencia para elaborar e cultivar produtos de calidade e con boa imaxe. Pero o seu pequeno tamaño, debido á fragmentación do terreo, producións de baixo valor engadido, e pouca organización e colaboración, complican que poidan realizar unha transformación e comercialización axeitada dos seus produtos.

Este obxectivo busca aumentar a competitividade das explotacións agrarias e forestais, mellorando a formación dos traballadores, optimizando e promovendo a transformación dos produtos e aumentando e facilitando a comercialización en circuitos curtos e mercados locais. Considérase preciso fomentar a agricultura ecolóxica como unha oportunidade de futuro para crear un modelo sostible de aproveitamento agrario, así como fomentar un cambio nos aproveitamentos forestais, e impulsión da certificación forestal para crear un modelo de xestión axeitada dos montes.

II. Fomentar a biodiversidade e a mellora do patrimonio cultural

A conservación e protección dos ecosistemas naturais, dos recursos ambientais, a paisaxe e o patrimonio do territorio, resulta prioritarias para a sustentabilidade do medio rural, mediante o coidado e utilización adecuada dos recursos naturais.

Considérase necesario restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade, os sistemas agrarios de alto valor natural, así como o estado das paisaxes rurais, de xeito que se mellore a calidade de vida das persoas, mellorando a prestación dos servizos e dos ecosistemas.

Promoveranse iniciativas de conservación nos hábitats máis sensibles e valiosos e as áreas naturais, así como a formación e concienciación ambiental e os procesos de custodia territorial.

III. Impulsar un modelo económico sostible, capaz de crear e manter emprego no medio rural

É necesario mellorar as condicións para crear e manter o emprego no medio rural, realizando un aproveitamento axeitado dos recursos naturais e impulsar unha economía baixa en carbono, capaz de contribuír á mitigación do cambio climático fomentando a utilización das enerxías renovables e a eficiencia enerxética. Primarase a promoción e apoio a proxectos piloto ou demostrativos que axuden a estender e difundir o cambio de modelo

económico. A animación ao emprendemento agroalimentario ligado ao “emprendemento verde” e á economía social será unha ferramenta a utilizar.

IV. Favorecer a dotación de servizos para a mellora da calidade de vida da poboación local

Mellorar e implementar servizos á poboación nas zonas rurais, favorecendo a mellora do nivel de vida, a inclusión social e a redución da pobreza, prestando especial atención aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos/as, as persoas con discapacidade, as persoas maiores, etc.

V. Animar a participación social e a gobernanza nos procesos de desenvolvemento rural

Considérase necesario potenciar a gobernanza, a animación social e a participación da poboación local no desenvolvemento de actividades e procesos que repercutan no territorio, sendo o propio GDR o axente animador deste proceso.

VI. Enfrontar os novos retos para o territorio de Mariñas-Betanzos

Considérase unha prioridade avanzar na posta en valor dos terreos agroforestais a través da mobilidade e recuperación das terras agrarias, dando soporte a proxectos orientados ao aproveitamento agrícola, gandeiro ou forestal da terra, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións e actuacións de xestión conxunta e os proxectos de ordenación produtiva das aldeas modelo, como aqueles destinados a mellorar a calidade de vida da poboación rural.

É necesario impulsar a cooperación e o traballo en rede con outros territorios rurais, pasando de compartir información a desenvolver proxectos en común e aprender, na consecución de resultados perdurables no tempo, e que repercutan na mellora das condicións de vida dos territorios de aplicación.

Outro dos obxectivos deste territorio é a posta en marcha de iniciativas co obxectivo de contribuír á loita fronte a cambio climático.

Desde o territorio de Mariñas-Betanzos tamén se ten marcado como obxectivo prioritario o de promover un sistema alimentario local e sostible, así como promover a comercialización nos circuitos curtos.

Enuméranse a continuación os Obxectivos Específicos identificados e o seu encadre dentro dos Estratéxicos:

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA CADA OBXECTIVO ESTRATÉXICO	
I. PROMOVER A SUSTENTABILIDADE E A INNOVACIÓN NO SECTOR AGRARIO	
1.	Optimizar a xestión e incrementar a competitividade no sector agrario
2.	Fomentar os usos sostibles e a viabilidade das explotacións forestais
3.	Promover a formación, a innovación e a transferencia de coñecemento no sector agrario e forestal
II. FOMENTAR A BIODIVERSIDADE E A MELLORA DO PATRIMONIO CULTURAL	
4.	Mellorar a xestión ambiental do territorio en consonancia co Plan de Acción de Lima (2014-2020)
5.	Rehabilitar e conservar as paisaxes rurais e a biodiversidade
6.	Conservar e valorizar o patrimonio cultural do territorio
III. IMPULSAR UN MODELO ECONÓMICO SOSTIBLE, CAPAZ DE CREAR E MANTER DE EMPREGO NO MEDIO RURAL	
7.	Promover unha economía baixa en carbono
8.	Diversificar a economía e xerar emprego
9.	Fomentar un modelo turístico sostible

IV. FAVORECER A DOTACIÓN DE SERVIZOS PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DA POBOACIÓN LOCAL
10. Promover servizos para a mellora da calidade de vida da poboación rural
11. Apoiar servizos para a integración das persoas con discapacidade e colectivos desfavorecidos
V. ANIMAR A PARTICIPACIÓN SOCIAL E A GOBERNANZA NOS PROCESOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL
12. Promover a participación da poboación, do tecido produtivo e da xuventude
13. Impulsar os procesos de desenvolvemento territorial
VI. ENFRONTAR OS NOVOS RETOS PARA O TERRITORIO DE MARIÑAS-BETANZOS
14. Animar a mobilidade e recuperación da terra agraria
15. Promover a cooperación e o traballo en rede con outros territorios
16. Contribuír á loita fronte ao cambio climático
17. Impulsar un sistema alimentario local sostible

No seguinte cadro crúzanse as Necesidades identificadas na Diagnose territorial cos Obxectivos Estratéxicos definidos polo GDR Mariñas-Betanzos, para comprobar o seu encaixe e a súa lóxica:

Liña de traballo	Obxectivos Estratéxicos						Animación	Cooperación	Formación
	1	2	3	4	5	6			
Necesidades									
1.01. Incremento da produtividade das explotacións agrarias e forestais.	X					X		X	X
1.02. Ordenación dos usos agrarios e forestais e dinamización da mobilidade de terras.	X					X	X	X	X
1.03. Formación para a mellora da xestión e modernización das producións agrarias e forestais.	X					X		X	X
1.04. Fomento dos usos do solo segundo a súa aptitude.	X					X	X	X	X
1.05. Promoción da agricultura ecolóxica.	X					X	X	X	X
1.06. Innovación dos cultivos e aproveitamentos agrarios e forestais.	X						X	X	X
1.07. Recuperación, conservación, mellora e promoción das razas, especies e variedades locais e autóctonas.	X					X		X	X
1.08. Diversificación das actividades das explotacións agrarias.	X					X		X	

Liña de traballo	Obxectivos Estratéxicos						Animación	Cooperación	Formación
	1	2	3	4	5	6			
Necesidades									
1.09. Transformación e comercialización das producións agrarias e forestais para aumentar o seu valor engadido.	X					X		X	
1.10. Fomento do cooperativismo entre os produtores para favorecer a comercialización.						X			
1.11. Promoción da comercialización en circuitos curtos e mellora das prazas e mercados locais.	X					X		X	
1.12. Creación e promoción da marca de calidade Produto da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, que axude á comercialización e imaxe dos produtos locais.	X					X		X	
1.13. Fomento dos aproveitamentos alternativos do monte.	X					X	X	X	X
1.14. Agrupación e cooperación na xestión dos terreos forestais, promovendo a certificación forestal.	X						X	X	X
1.15. Colaboracións coas comunidades de montes veciñais en man común para desenvolver actividades conxuntas.	X					X	X	X	X
1.16. Mellora da gobernanza nos espazos litorais.					X	X	X	X	
2.01. Mellora e conservación dos espazos naturais protexidos, das áreas de especial valor ambiental, da biodiversidade e da paisaxe.		X				X	X		X
2.02. Fomento da educación, concienciación, e divulgación ambiental.		X				X	X		X
2.03. Control e loita contra as especies exóticas invasoras.		X				X			X
2.04. Divulgación e difusión da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.		X			X	X	X		X
2.05. Mellora da eficiencia enerxética e instalación de enerxías renovables en explotacións, empresas, entidades, etc.	X		X	X		X			
2.06. Mellora e optimización da xestión de residuos.			X			X		X	
2.07. Promoción e fomento de iniciativas de mobilidade sostible e a construción con materiais tradicionais e naturais.			X			X			
3.01. Fomento de establecementos, servizos e produtos turísticos sostibles e respectuosos co medio ambiente e co patrimonio.			X			X			
3.02. Aproveitamento turístico e posta en valor do patrimonio natural, cultural, histórico,			X				X	X	

Liña de traballo	Obxectivos Estratéxicos						Animación	Cooperación	Formación
	1	2	3	4	5	6			
Necesidades									
arqueolóxico, etc, dunha maneira responsable e respectuosa.									
3.03. Creación de servizos e produtos turísticos relacionados coa Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo (Clube de Produto Turístico).			X				X	X	X
3.04. Cooperación e coordinación dos diferentes axentes turísticos.			X				X	X	
3.05. Fomento do recurso "Camiño Inglés" a Santiago e outros camiños históricos, como potenciais valores de turismo sostible.			X				X	X	
4.01. Fomento de actividades económicas que creen servizos inexistentes no medio rural.			X			X	X	X	X
4.02. Creación e modernización de empresas cun modelo produtivo sostible.			X			X			
4.03. Fomento e conservación da artesanía e das profesións tradicionais do territorio.			X			X			
4.04. Mellora e promoción da formación e inserción laboral de persoas en desemprego, en especial de colectivos desfavorecidos e con discapacidade.			X	X		X	X	X	X
4.05. Colaboración e promoción de iniciativas empresariais e de persoas emprendedoras.			X			X	X	X	X
4.06. Fomento da cooperación e colaboración entre empresas, entidades e administracións locais do territorio.			X		X	X	X	X	X
4.07. Incorporación das TIC's e melloras tecnolóxicas en explotación, empresas, entidades e administracións locais.	X		X	X	X	X			
4.08. Creación, mellora e implantación de servizos que melloren a calidade de vida do medio rural, en especial de persoas con discapacidade e de colectivos desfavorecidos.				X		X			
4.09. Creación, reforma e ampliación de locais e centros sociais nas parroquias onde se ten detectado e identificado esa necesidade: Limiñón, Montouto e Sarandós no concello de Abegondo; Cambás no concello de Aranga; Guisamo (creación) e Moruxo no concello de Bergondo; Piadela, Pontellas, Requián, San Pedro das Viñas e Tiobre no concello de Betanzos; Bribes, Cecebre, Cambre, Pravio, Vigo no concello de Cambre; Paleo no concello de Carral; Castelo, Celas, Sésamo, Sueiro e				X					

Liña de traballo	Obxectivos Estratéxicos						Animación	Cooperación	Formación
	1	2	3	4	5	6			
Necesidades									
Veiga no concello de Culleredo; Verís no concello de Irixoa.									
4.10. Animación da participación da poboación local en actividades de conservación, gobernanza e nos procesos de tomas de decisións.					X	X	X	X	
4.11. Aumento da cooperación entre os centros de investigación e innovación e as empresas, explotacións, produtores, etc.	X		X		X	X	X	X	X
5.01. Recuperación, conservación e mellora do patrimonio cultural, histórico, arqueolóxico e etnográfico.		X					X		X
5.02. Inventario e protección do patrimonio existente.		X					X		X
5.03. Mellora das instalacións e medios dos colectivos culturais.				X					
5.04. Fomento da cooperación e colaboración entre colectivos culturais.		X					X	X	
5.05. Emprego de novas tecnoloxía e TIC's para o coñecemento e protección do patrimonio.		X				X	X	X	X

2.2. INTEGRACIÓN SECTORIAL

A análise profunda que se realizou do territorio axudou á identificación do estado e das necesidades sectoriais actuais. Os diversos enfoques analizados foron unificándose e aglutinándose nos Obxectivos estratéxicos, e a partir deles nos Obxectivos específicos, podendo actuar dunha forma integral sobre diversas problemáticas e cun enfoque multisectorial.

Na seguinte táboa pódese comprobar a relación e afección existente entre os obxectivos específicos e os vínculos cos diversos sectores:

Sector	Obxectivos específicos				
	Agrogandería e Forestal	Agroalimentario	Medio ambiente e turismo	Servizos	Industria e artesanía
1. Optimizar a xestión e incrementar a competitividade no sector agrario	X	X	X		
2. Fomentar os usos sostibles e a viabilidade das explotacións forestais	X	X	X		
3. Promover a formación, a innovación e a transferencia de coñecemento no sector agrario e forestal	X	X		X	
4. Mellorar a xestión ambiental do territorio en consonancia co Plan de Acción de Lima (2014-2020)	X		X	X	X
5. Rehabilitar e conservar as paisaxes rurais e a biodiversidade	X		X	X	
6. Conservar e valorizar o patrimonio cultural do territorio	X		X	X	
7. Promover unha economía baixa en carbono	X	X	X	X	X
8. Diversificar a economía e xerar emprego	X	X	X	X	X
9. Fomentar un modelo turístico sostible	X		X	X	
10. Promover servizos para a mellora da calidade de vida da poboación rural			X	X	
11. Apoiar servizos para a integración das persoas con discapacidade e colectivos desfavorecidos	X		X	X	
12. Promover a participación da poboación, do tecido produtivo e da xuventude			X	X	X
13. Impulsar os procesos de desenvolvemento territorial	X	X	X	X	X
14. Animar a mobilidade e recuperación da terra agraria	X	X	X	X	

Obxectivos específicos	Sectores				
	Agrogandería e Forestal	Agroalimentario	Medio ambiente e turismo	Servizos	Industria e artesanía
15. Promover a cooperación e o traballo en rede con outros territorios	X	X	X	X	X
16. Contribuír á loita fronte ao cambio climático	X	X	X	X	X
17. Impulsar un sistema alimentario local sostible	X	X	X	X	X

2.3. INTEGRACIÓN ADMINISTRATIVA E DA PARTICIPACIÓN

O proceso de participación desenvolvido na deseño da Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR Mariñas-Betanzos, promoveu a gobernanza e a integración dos diversos sectores e axentes territoriais públicos e privados, mediante reunións, mesas de traballo, xornadas, ferramentas telemáticas, e outras actividades organizadas, aportando ideas e observacións que facilitaron a identificación das necesidades e retos territoriais, e facilitando un importante proximidade á realidade existente.

Esta existencia de coordinación horizontal dentro do proceso e da Asociación Mariñas-Betanzos, combínase ca necesaria coordinación vertical entre as diversas políticas e iniciativas promovidas dende as administracións públicas, tanto locais, autonómicas, estatais e comunitarias. No que a isto se refire, no apartado 3.4.1. presentouse a integración da estratexia dentro das diversas normativas e proxectos cos que se pode relacionar, tendo especial relevancia a coordinación e aliñamento con todas elas, cunha estreita relación entre os obxectivos perseguidos no ámbito territorial do GDR Mariñas-Betanzos, da Comunidade e da Unión Europea.

A continuación móstrase como demostración da integración da Estratexia un cadro coa vinculación entre os Obxectivos Específicos da Estratexia e as prioridades definidas no Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 de Galicia:

Prioridades PDR 2014- 2020	1	2	3	4	5	6	Obxectivos transversais		
							Innovación	Medio Ambiente	Cambio Climático
Obxectivos específicos									
1. Optimizar a xestión e incrementar a competitividade no sector agrario	X	X	X	X	X	X	X	X	X
2. Fomentar os usos sostibles e a viabilidade das explotacións forestais	X	X	X	X	X	X	X	X	X
3. Promover a formación, a innovación e a transferencia de coñecemento no sector agrario e forestal	X	X	X	X	X	X	X		
4. Mellorar a xestión ambiental do territorio en consonancia co Plan de Acción de Lima (2014-2020)				X		X		X	X
5. Rehabilitar e conservar as paisaxes rurais e a biodiversidade				X		X		X	X
6. Conservar e valorizar o patrimonio cultural do territorio					X	X		X	
7. Promover unha economía baixa en carbono					X	X	X	X	X
8. Diversificar a economía e xerar emprego					X	X	X		
9. Fomentar un modelo turístico sostible					X	X	X		X
10. Promover servizos para a mellora da calidade de vida da poboación rural						X		X	
11. Apoiar servizos para a integración das persoas con discapacidade e colectivos desfavorecidos						X	X		
12. Promover a participación da poboación, do tecido produtivo e da xuventude						X		X	X
13. Impulsar os procesos de desenvolvemento territorial	X	X				X		X	X

Prioridades PDR 2014-2020 Obxectivos específicos	1	2	3	4	5	6	Obxectivos transversais		
							Innovación	Medio Ambiente	Cambio Climático
14. Animar a mobilidade e recuperación da terra agraria	X	X		X	X	X	X	X	X
15. Promover a cooperación e o traballo en rede con outros territorios	X		X	X	X	X	X	X	X
16. Contribuír á loita fronte ao cambio climático	X	X		X	X	X	X	X	X
17. Impulsar un sistema alimentario local sostible	X		X	X	X	X	X	X	X

2.4. PLAN DE ACCIÓN

2.4.1. ACCIÓNS IDENTIFICADAS

14. Animar a mobilidade e recuperación da terra agraria.

14.1. Fomento da mobilidade e/ou recuperación de terras agrarias e a súa posta en valor.

15. Promover a cooperación e o traballo en rede.

15.1 Impulsar, deseñar e desenvolver proxectos e iniciativas de cooperación e traballo en rede con outros territorios

16. Contribuír á loita fronte ao cambio climático.

16.1 Fomentar novas iniciativas dirixidas a contribuír á loita fronte ao cambio climático, reducindo e/ou compensando as emisións de CO₂.

17. Impulsar un sistema alimentario local sostible

17.1 Promover a alimentación sostible e o fomento da comercialización nos circuitos curtos

17.1 FICHAS DAS ACCIÓNS

OBXECTIVO ESTRATÉXICO			
ENFRONTAR OS NOVOS RETOS PARA O TERRITORIO DE MARIÑAS-BETANZOS			
OBXECTIVO ESPECÍFICO			
14.- Animar a mobilidade e recuperación da terra agraria			
DENOMINACIÓN			CÓDIGO
Fomento da mobilidade e/ou recuperación de terras agrarias e a súa posta en valor			14.1
DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN			
Fomento da mobilización ou recuperación de terras a través das actuacións en aldeas modelo, proxectos de mobilidade de terras, permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación de terras agrarias; actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
Asociacións/Fundacións	X	Persoas emprendedoras	X
Cooperativas	X	Empresas	X
Produtores	X	Concellos/Administracións locais	X
CMVMC	X	Outros	
REQUISITOS			
INDICADORES			
<ul style="list-style-type: none"> - Nº de hectáreas mobilizadas e/ou recuperadas - Nº proxectos iniciados - Nº empregos creados 			
NATUREZA DA ACCIÓN			
Productiva	X		
Non productiva	X		
ESPECIFICACIÓNS			
Poderá traballarse esta acción desde Animación, Formación e Cooperación, así como con apoio desde a Estratexia.			

OBXECTIVO ESTRATÉXICO			
ENFRONTAR OS NOVOS RETOS PARA O TERRITORIO DE MARIÑAS-BETANZOS			
OBXECTIVO ESPECÍFICO			
15.- Promover a cooperación e o traballo en rede			
DENOMINACIÓN			CÓDIGO
Impulsar, deseñar e desenvolver proxectos e iniciativas de cooperación e traballo en rede con outros territorios			15.1
DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN			
<p>Promover os proxectos de cooperación con outros territorios co obxectivo de intercambiar e compartir información, coñecementos e experiencias, metodoloxías, etc., así como reforzar as estratexias e actuacións de cada territorio no ámbito que se traballe no proxecto, e crear novos vínculos entre os territorios. Entre os ámbitos dos proxectos están: loita fronte ao cambio climático, emprendemento, patrimonio cultural, mellora e conservación medioambiental, turismo sostible, recuperación de terras agrarias, mobilidade de terras, apoio ao emprendemento en aldeas modelo, polígonos agroforestais e banco de explotacións agrarias.</p>			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
Asociacións/Fundacións	X	Persoas emprendedoras	
Cooperativas		Empresas	
Produtores		Concellos/Administracións locais	X
CMVMC		Outros	X
REQUISITOS			
INDICADORES			
<ul style="list-style-type: none"> - Nº de proxectos e/ou iniciativas de cooperación deseñadas - Nº de proxectos e/ou iniciativas de cooperación desenvoltas 			
NATUREZA DA ACCIÓN			
Productiva			
Non productiva	X		
ESPECIFICACIÓNS			
<p>Poderá traballarse esta acción desde Animación, Formación e Cooperación.</p>			

OBXECTIVO ESTRATÉXICO			
ENFRONTAR OS NOVOS RETOS PARA O TERRITORIO DE MARIÑAS-BETANZOS			
OBXECTIVO ESPECÍFICO			
16.- Contribuír á loita fronte ao cambio climático e á economía circular			
DENOMINACIÓN			CÓDIGO
Fomentar novas iniciativas dirixidas a contribuír á loita fronte ao cambio climático, reducindo e/ou compensando as emisións de CO2			16.1
DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN			
Promover iniciativas co obxectivo de reducir e/ou compensar as emisións de CO2, así como contribuír ao aforro e á eficiencia enerxética. Entre os obxectivos están os de contribuír a reducir as emisións de CO2 nun 40% para o ano 2030, incrementar a eficiencia enerxética, así como aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables. Entre os ámbitos dos proxectos están os de: mobilidade sostible, eficiencia enerxética no alumeadado público, sistemas de enerxías renovables, xestión de residuos e augas residuais, proxectos encaixables no PACEs, e proxectos de economía circular			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
Asociacións/Fundacións	X	Persoas emprendedoras	X
Cooperativas	X	Empresas	X
Produtores	X	Concellos/Administracións locais	X
CMVMC	X	Outros	X
REQUISITOS			
INDICADORES			
<ul style="list-style-type: none"> - Nº de proxectos e/ou iniciativas de loita fronte ao cambio climático desenvoltas - Tn. CO₂ reducidas 			
NATUREZA DA ACCIÓN			
Productiva			
Non productiva	X		
ESPECIFICACIÓNS			
<p>Poderá traballarse esta acción desde Animación, Formación e Cooperación. Os proxectos da Estratexia serán priorizados.</p>			

OBXECTIVO ESTRATÉXICO			
ENFRONTAR OS NOVOS RETOS PARA O TERRITORIO DE MARIÑAS-BETANZOS			
OBXECTIVO ESPECÍFICO			
17.- Impulsar un sistema alimentario local sostible			
DENOMINACIÓN			CÓDIGO
Promover a alimentación sostible e o fomento da comercialización nos circuitos curtos			17.1
DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN			
<p>Promover a alimentación sostible e o fomento da comercialización nos circuitos curtos, vai a pivotar en:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fomento da produción e transformación agroecolóxica e o consumo de alimentos orgánicos de proximidade. Formación e capacitación. • Promoción do uso de terras agrícolas ociosas, a través dos diferentes instrumentos para facilitar a mobilidade de terras. • Recuperar variedades locais e razas autóctonas • Fortalecer a marca de calidade da Reserva de Biosfera para diferenciar os alimentos producidos no territorio, e que permite aos consumidores coñecer os valores de sostibilidade asociados con estas producións (biodiversidade, paisaxe, evitar envases de plástico, loita biolóxica). • Capacitación a produtores en comercialización, transformación e calidade de alimentos. • Promocionar os alimentos locais nos mercados locais, aumentando o seu consumo e comercialización nos circuitos curtos. • Impulsar o programa de alimentación ecolóxica escolar, para facilitar o consumo de produtos ecolóxicos de proximidade en comedores colectivos. • Promover a creación de grupos de consumo, como estratexia para animar o consumo de produtos ecolóxicos de proximidade. • Promover a conectividade entre produción e ecoturismo (restauración, aloxamentos, agroturismo). 			
POTENCIAIS BENEFICIARIOS			
Asociacións/Fundacións	X	Persoas emprendedoras	X
Cooperativas	X	Empresas	X
Produtores	X	Concellos/Administracións locais	X
CMVMC		Outros	
REQUISITOS			
INDICADORES			
<ul style="list-style-type: none"> - Nº de producións ecolóxicas adheridas á marca de calidade da Reserva de Biosfera - Nº de comedores escolares participantes no Programa de Eco-Comedores - Nº de comensales beneficiarios do Programa Eco-Comedores - Nº de grupos de consumo creados - Nº de actividades promocionais desenvoltas - Nº de ha de terras agrarias mobilizadas e recuperadas 			
NATUREZA DA ACCIÓN			

Productiva	X	
Non productiva	X	
ESPECIFICACIÓNS		
<p>Poderá traballarse esta acción desde Animación, Formación e Cooperación.</p>		